

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS (CURSO 2022-23) PARA 2º E 4º DA ESO

Para adaptar a nosa programación á nova lexislación, fanse tres cambios:

PRIMEIRO:

No punto **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN**, apartado **Criterios de cualificación na ESO**

cámbiase:

Para a nota final farase unha nota media das tres avaliacións. De non superar a materia na convocatoria ordinaria terase en conta a proba extraordinaria de xuño na que o alumno fará una proba global da materia.

por:

Para a nota final farase unha nota media das tres avaliacións. De non superar a materia, farase unha proba extraordinaria global da materia.

SEGUNDO:

No punto **10.1. MATERIAS PENDENTES**, apartados 1 e 2

cámbiase:

No caso de non superar ditas probas, terán que presentarse a unha proba global de recuperación durante o período comprendido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación final.

por:

No caso de non superar ditas probas, terán que presentarse a unha proba global de recuperación no mes de xuño.

TERCEIRO:

Os puntos **10.2. AVALIACIÓNS SUSPENSAS** e **10.3 PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A TERCEIRA AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL** quedarán redactados como segue condensados nun único punto **10.2**. O punto **10.3** desaparece:

10.2. AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Para recuperar as avaliacións suspensas, tamén temos que ter en conta dous casos:

1) Se tras facer as probas da terceira avaliación o alumno/a tivese suspensas dúas ou tres avaliacións, deberá facer a final de curso un exame de recuperación da totalidade do curso.

2) Se tras facer as probas da terceira avaliación o alumno/a tivese suspensa só unha das tres avaliacións, deberá facer a final de curso un exame de recuperación desa avaliación. Se non a recupera, deberá facer o exame de recuperación da totalidade do curso mencionado no apartado anterior.

3) As probas de recuperación incluírán comprensión escrita, comprensión oral, expresión escrita, expresión oral, gramática e vocabulario. No caso da proba global, esta tamén incluírá distintos apartados, pero non a expresión oral. En todos os casos, as probas poderán realizarse en varias sesións.

Para o cálculo da nota final, aplicaranse as porcentaxes sinaladas nos criterios de cualificación. En todo caso, a nota final do curso para o alumnado coa materia suspensa será a nota obtida nesta proba ou a media alcanzada anteriormente (a que sexa máis alta).

O alumnado coa materia aprobada poderá presentarse á proba global da materia para subir nota. O alumnado que se presente á proba manterá a nota obtida anteriormente se na proba global non acadara unha nota superior.

Tui, 13 de marzo de 2023

Antonio Valén Fernández

Xefe do Departamento de Francés